



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de decembro de 2022 (1328/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nonve horas do día un de decembro de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1003).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 18 de novembro de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1004).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DA COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN DE VODAS E ACOLLEMENTOS CIVÍS CELEBRADOS POLO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19277/101.

Visto o informe xurídico de data 18/11/2022 e o informe de fiscalización do 22/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/11/2022, asinado pola xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

a) A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 18 de agosto de 2022, acordou a contratación do expediente 19077-101 "Contratación por procedemento aberto do

servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís en espazos municipais”.

Con data 10 de novembro a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de desistir do procedemento de adxudicación do procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís en espazos municipais (19077-101).

En base ao artigo 152.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público procédese pola Concellería de Xestión Municipal – Alcaldía ao inicio inmediato dun novo procedemento de licitación.

b) O informe de necesidade e idoneidade e orden de inicio asinado o 10 de novembro de 2022 pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e máis pola Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, dispón que se inicie o expediente administrativo da prestación do servizo servizo de coordinación e organización de vodas e acollementos civís en espazos municipais.

Os artigos 124.1 e 124.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, recolle as atribucións que lle corresponden ao Alcalde de Vigo, como Presidente da Corporación, e sinala entre outras as seguintes:

a) Representar ao Concello.

b) Dirixir o goberno e a administración municipal.

A Lei 35/1994, de 23 de decembro, de modificación do Código Civil en materia de autorización do matrimonio civil polos alcaldes, no art. 51.1. do Código Civil establece que será competente para autorizar o matrimonio: O xuíz de paz ou alcalde do municipio onde se celebre o matrimonio ou concelleiro en quen este delegue....”

A Alcaldía, ocúpase da organización das vodas e acollementos civís que se realizan en dependencias municipais por tratarse de actos institucionais, en concreto, por delegación de data 26.06.2019, a Concellería delegada da Área de Xestión municipal encárgase da xestión administrativa en relación coa área administrativa da Alcaldía.

No expediente tramitado inclúense os seguintes documentos:

–Informe de necesidade e idoneidade, asinado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal con data 10 de novembro de 2022.

–Prego de Prescricións técnicas particulares asinado con data 10 de novembro de 2022 redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía.

–Memoria económica, asinado pola asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal con data 14 de novembro de 2022.

–Memoria xustificativa do contrato asinada pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión municipal con data 17 de novembro de 2022.

–Prego de Cláusulas administrativas Particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data de 17 de novembro de 2022.



Concello de Vigo

II.- CONDICIÓN DEFINIDORAS DO CONTRATO

II.1.- Obxecto e natureza do contrato

O obxecto do contrato é a prestación do servizo para a coordinación e organización protocolaria de vodas e acollementos civís que se celebran en espazos municipais.

O servizo inclúe a realización de diferentes traballos como o de reunir a documentación e as sinaturas necesarias, organizar os elementos propios da cerimonia, asistir as persoas conraintes e convidadas, organizar o espazo onte teña lugar o evento (colocación de tarima, bandeiras e megafonía), así como o manexo do equipo de son.

O número de eventos previstos para a anualidade que vai do 1 de outubro de 2022 ao 30 de setembro de 2023 e as posibles prórrogas ascende a **160 eventos anuais**.

O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como contrato de servizos, segundo o previsto no artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (no sucesivo, LCSP).

En cumprimento do art. 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir mediante o presente contrato, así como da idoneidade do obxecto e contido, son os definidos no informe de necesidade, así como no do informe proposta que contén a memoria xustificativa do contido do contrato que constan no presente expediente, e consisten en satisfacer a necesidade pública de promover a educación e promocionar e difundir a acción municipal en prol do seu fomento e dos seus valores sociais.

II.2.- Réxime xurídico e procedemento de adxudicación.

A contratación a realizar cualifícase como contrato de servizos segundo necesidades, de conformidade co o establecido nos artigos 17 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O contrato adxudicarase por procedemento **aberto** (artigo 156) da Lei 9/2017) mediante múltiples criterios de adxudicación obxectivos en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

En canto a forma de tramitación será a ordinaria. Trátase dun contrato segundo necesidades.

O obxecto do contrato identifícase co código CPV seguinte: CPV: 79952000-2 (Servizos de eventos); 79952100-3 (servizos de organización de eventos culturais).

II.3.- Prezo do contrato

O orzamento máximo de licitación é de **16.863,32 €** iva engadido. Sendo o importe correspondente ao 21% de iva **2.926,69 €**

Prezo con iva: **16.863,32 €**

Prezo sen iva: **13.936,63 €**

Importe 21% iva: **2.926,69 €**

Prezo unitario por evento: **105,39 € iva incluído.**

Neste prezo están incluídos todos os gastos axeitados para o efectivo cumprimento do contrato, segundo o prezo xeral do mercado.

II.4.-Valor estimado do contrato

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017.

De acordo co anterior, o valor estimado do contrato ascende a 55.746,52 € (anualidade máis tres anos de prorroga sen iva).

No antedito importe están incluídos as porcentaxes de beneficio industrial e os gastos xerais.

II.5.- Anualidades

- Primeira e única anualidade: do 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023: 16.863,32 €
- 1ª Prorroga: do 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2024: 16.863,32 €
- 2ª Prorroga: do 1 de xaneiro de 2025 ao 31 de decembro de 2025: 16.863,32 €
- 3ª Prorroga: do 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026: 16.863,32 €

II.6.- Revisión de prezos

Tendo en conta as características dos servizos obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

II.7.- Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da lei orgánica 2/2012, de 27 de abril

O importe do contrato se tramitará como **anticipado de gasto** con cargo aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) ou a súa bolsa de vinculación, sen que isto afecte ao normal funcionamento do servizo.



Concello de Vigo

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

O presente contrato está previsto no “Plan anual de contratación” para o ano 2022 da Alcaldía. Existen na actualidade un contrato aberto simplificado de servizos co nº 18030-101 “Contratación da organización protocolaria para a celebración de actos e recepcións celebrados polo Concello de Vigo” que finaliza ao final do mes de setembro.

II.8.- Esixencia de Clasificación

De acordo co artigo 77 da Lei 9/2017, non se esixe clasificación para este contrato.

II.9.- Subcontratación

A subcontratación rexerese polo disposto nos artigos 215, 216 e 217 da Lei de contratos do Sector Público.

Non se fixan tarefas críticas.

II.10.- Prazo de execución e prórroga:

O prazo de execución do contrato establécese en un 1 ano, entre o 1 de xanero de 2023 ata o 31 de decembro de 2023, establécense tres prórrogas dun ano de duración cada una.

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións que o contrato inicial.

No obstante a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

II.11.- Modificación do contrato

Non se contempla.

II.12.- Responsable do Contrato

O responsable do Contrato será a Xefa da unidade administrativa da Alcaldía.

II.13.- Seguro

O Adxudicatario deberá acreditar a posesión dun seguro de responsabilidade civil, que dea cobertura as actuacións propias do adxudicatario na execución das actuacións obxecto deste contrato, cunha contía mínima de 300.000,00 €.

II.14.- Condicións especiais de execución:

De tipo social: Establecer medidas que fomenten a igualdade no traballo e a conciliación do traballo e a vida familiar entre o seu persoal.

II.15.- Solvencia

- Solvencia económica e financeira:

- Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.B das FEC se determinen outros distintos:
- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 - o Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 - o Ao 70% da anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.
- **Para as empresas de nova creación** (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos): se o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, para as empresas de nova creación considerarse con solvencia económica aquelas cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 - o Ao 50% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 - o Ao 50% da anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.A.

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que



Concello de Vigo

inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato,

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación.

III.-PROPOSTA

Previamente a efectuarse a proposta ao órgano de contratación, debe emitirse o preceptivo informe xurídico pola Asesoría Xurídica (apartado 8 da disposición adicional 3ª da LCSP), así como informe de fiscalización pola Intervención Xeral, de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCSP.

Por todo o exposto propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento aberto consonte ao disposto no artigo 156 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para o contrato de prestación do servizo para a coordinación e organización protocolaria de vodas e acollementos civís que se celebran en espazos municipais. Expediente 19277-101 que contén o prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 10 de novembro de 2022 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data de 17 de novembro de 2022.

Segundo.- Aprobar el gasto por importe de **16.863,32 €** ive engadido, sendo o importe correspondente ao 21% de ive de **2.926,69 €** que se tramitará como anticipado de gasto con cargo aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9120.2279910 (ASISTENCIA TÉCNICA A PROXECTOS INSTITUCIONAIS) ou a súa bolsa de vinculación. De acordo as seguintes anualidades:

- Primeira e única anualidade: do 1 de xaneiro de 2023 ao 31 de decembro de 2023: 16.863,32 €
- 1º Prorroga: do 1 de xaneiro de 2024 ao 31 de decembro de 2024: 16.863,32 €
- 2º Prorroga: do 1 de xaneiro de 2025 ao 31 de decembro de 2025: 16.863,32 €
- 3º Prorroga: do 1 de xaneiro de 2026 ao 31 de decembro de 2026: 16.863,32 €

Terceiro.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1005).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 15168/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 21/11/2022, asinado polo xefe da Área Xudicial e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 13551/111
Sentenza nº 321 do 9 de setembro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2
Ordinario: 4043/2021
Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública
Obxecto: Desestimación presunta. Requirimentos do 29-6-2020 e 24-9-2020 (obras de conservación no paseo marítimo de Bouzas)
Exppte(s): 662/441
Contía: 396.200,82 €

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso por extemporaneidade (art. 46.6 da LXC-A), con custas taxadas (Auto de rectificación do 26-9-2022) de oficio.
O departamento de Fomento e o de Parques e Xardíns deben coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 14809/111
Auto nº 72 do 21 de setembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 171/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta. RPA.
Exppte(s): 6473/243
Contía: 1.864,24 €

Declara rematado o procedemento por recoñecemento en vía administrativa das pretensións (resolución do 26-7-2022).
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 14962/111
Decreto nº 24 do 26 de setembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 251/2022
Demandante/Recorrente: Particular



Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación presunta (expresa do 20-9-2022). Solicitud de 15-6-2022 de acceso a información pública (sancións en materia de seguridade cidadá)

Expte(s): 1235/1102

Acepta a desistencia do demandante (por carencia sobrevida de obxecto do recurso: resolución expresa e contestación á solicitude).

O departamento de Seguridade debe coñecer o resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 14390/111

Sentenza nº 650 do 14 de setembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 193/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Recurso de reposición contra acordo da XGL do 10-6-2021

Expte(s): 35363/220, 38266/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso de apelación do demandante, revoga a sentenza de instancia e declara o dereito do demandante a:

- Percibir os “pluses de festividade e nouturnidade” durante os períodos de vacacións, I.T., días de libre disposición e demais permisos retribuídos.

- Percibir as “horas extraordinarias ou de exceso de xornada” conforme á “fórmula contida no feito segundo da demanda”.

- Condenar ao Concello ao pagamento das cantidades resultantes correspondentes aos “cinco anos inmediatamente anteriores á data da súa solicitude” (co límite de novembro de 2020 no caso das “horas extraordinarias”).

Os departamentos de Persoal (e Seguridade) deben informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual casación.

Procedemento de orixe:

PA nº 295/2021 XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 294 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022.

5.- Contencioso. Expediente nº 14824/111

Sentenza nº 242 do 27 de setembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 169/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta. RPA, danos no vehículo o 18-7-2021

Expte(s): 6588/243

Contía: 379,67 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula o acto presunto desestimatorio e condena ao Concello ao pagamento de 379,67 € máis xuros legais dende a data da reclamación e custas taxadas de oficio.

Ao se tratar de sentenza de condena ao pagamento de cantidade determinada, a Intervención municipal debe executala en tempo e forma.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

6.- Contencioso. Expediente nº 14827/111

Sentenza nº 236 do 27 de setembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 168/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 9-3-2022 (en reposición). Sanción de tráfico (N.I.C)

Expte(s): 290101/280 e 290163/280

Contía: 600,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso polo exposto no seu F.D. 3º (erro no domicilio de notificación do requirimento de identificación de conductor) con anulación dos actos impugnados e devolución do indebidamente ingresado e custas taxadas de oficio.

No resto, a fundamentación da sentenza (F.D. 2º) enuncia a tese da obriga xeral de requirir a identificación no suposto de non notificación da denuncia no acto/non detención do vehículo no momento da denuncia.

Os departamentos de Seguridade e a Tesourería-Recadación executiva deben executar o resolto con devolución do ingresado.

7.- Contencioso. Expediente nº 14429/111

Sentenza nº 673 do 21 de setembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 177/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. Retribucións complementarias.

Expte(s): 35363/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente a apelación do demandante, revoga a sentenza de instancia e declara:

- O dereito do demandante a percibir os “pluses de festividade e nouturnidade” durante as vacacións, I.T., asuntos propios e demais permisos retribuídos, nas cantidades correspondentes aos cinco anos anteriores á súa solicitude.

Confirma a inadmisión do relativo ás “horas extraordinarias” segundo unha fórmula contida na demanda.

Os departamentos de Persoal, e Seguridade, deben coñecer o resolto e informar sobre a procedencia e bases dunha eventual casación.

Procedemento de orixe:

PA nº 294/2021 XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 290 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022

8.- Contencioso. Expediente nº 14412/111

Sentenza nº 690 do 28 de setembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 197/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación presunta. Recurso de reposición contra acordo da XGL do 10-6-2021 (Retribucións).

Expte(s): 35363/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso da demandante contra a sentenza de instancia que é revogada, e declara o dereito da demandante a:

- Percibir os “pluses de festividade e nouturnidade” durante os períodos de vacacións, I.T., “días de libre disposición e demais permisos retribuídos”.

- Condena ao Concello ao aboamento da cantidade resultante nos cinco anos inmediatamente anteriores á súa solicitude.

Confirma a inadmisión da pretensión relativa ás horas extraordinarias.

Os departamentos de Persoal (e Seguridade) deben coñecer o resolto e informar sobre a procedencia e bases dunha eventual casación.

Procedemento de orixe:

PA 305/2021 XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 295 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022



Concello de Vigo

9.- Contencioso. Expediente nº 14403/111
Sentenza nº 648 do 14 de setembro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 178/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: XGL 10-6-2021. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.
Expte(s): 35363/220 e 38149/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve e estima o recurso de apelación do demandante, contra a sentenza de instancia e declara:

- O dereito do actor a percibir os “pluses de festividade e nocturnidade” durante os períodos de vacacións, I.T., días de libre disposición e demais permisos retribuídos.
 - O dereito do actor a percibir “as horas extraordinarias ou de exceso de xornada”, segundo a fórmula contida no feito 2º da demanda.
 - O pagamento das cantidades resultantes correspondentes aos “cinco anos” anteriores á solicitude inicial (ata novembro do 2020 no caso das horas extraordinarias).
- O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben informar a procedencia e bases dunha eventual casación.

Procedemento de orixe:

PA nº 307/2021 XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 286 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022.

10.- Contencioso. Expediente nº 14407/111
Sentenza nº 649 do 14 de setembro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 183/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: XGL 10-6-2021. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.
Expte(s): 35363/220, 38149/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve e estima o recurso de apelación do demandante, contra a sentenza de instancia e declara:

- O dereito do actor a percibir os “pluses de festividade e nocturnidade” durante os períodos de vacacións, I.T., días de libre disposición e demais permisos retribuídos.
 - O dereito do actor a percibir “as horas extraordinarias ou de exceso de xornada”, segundo a fórmula contida no feito 2º da demanda.
 - O pagamento das cantidades resultantes correspondentes aos “cinco anos” anteriores á solicitude inicial (ata novembro do 2020 no caso das horas extraordinarias).
- O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben informar a procedencia e bases dunha eventual casación.

Procedemento de orixe:

PA nº 298/2021 XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 300 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022.

11.- Contencioso. Expediente nº 14431/111
Sentenza nº 647 do 14 de setembro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 173/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.

Expte(s): 35363/220, 38149/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve e estima o recurso de apelación do demandante, contra a sentenza de instancia e declara:

- O dereito do actor a percibir os “pluses de festividade e nocturnidade” durante os períodos de vacacións, I.T., días de libre disposición e demais permisos retribuídos.

- O dereito do actor a percibir “as horas extraordinarias ou de exceso de xornada”, segundo a fórmula contida no feito 2º da demanda.

- O pagamento das cantidades resultantes correspondentes aos “cinco anos” anteriores á solicitude inicial (ata novembro do 2020 no caso das horas extraordinarias).

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben informar a procedencia e bases dunha eventual casación.

Procedemento de orixe:

PA nº 319//2021 XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 292 do 22 de decembro de 2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022.

12.- Contencioso. Expediente nº 14404/111

Sentenza nº 722 do 5 de outubro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 170/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. Complementos de nocturnidade e festividade e valor das horas extras durante os últimos 5 anos.

Expte(s): 35363/220, 38266/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve e estima o recurso de apelación do demandante, contra a sentenza nº 309/2021 de instancia e declara:

- O dereito a percibir os “pluses” de festividade e nocturnidade durante os períodos de vacacións, I.T., días de libre disposición e demais permisos retribuídos.

- A percepción das “horas extraordinarias ou de exceso de xornada”, segundo a fórmula contida no feito segundo da demanda.

- O pagamento das cantidades resultantes correspondentes aos “cinco anos” anteriores á solicitude inicial (ata novembro do 2020 no caso das “horas extraordinarias”).

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben informar a procedencia e bases dunha eventual casación.

Procedemento de orixe:

PA nº 337/2021 XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 309 do 23/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 22/02/2022.

13.- Contencioso. Expediente nº 14357/111

Sentenza nº 322 do 23 de setembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7030/2022

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: XGL 12-12-2019 (en reposición). Pregos de condicións contrato de servizos de coordinación de seguridade e saúde das obras ... de Porta do Sol

Expte(s): 326/441

Contía: Indeterminada superior a 30.000 €



Concello de Vigo

Esta sentenza, que non é firme, resolve a apelación da demandante contra a de instancia, desestimándoa, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Fomento, e o de Contratación, deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

PO nº 102/2020 XCA nº 1 Vigo, Sentenza nº 233 do 10/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 17/02/2022

14.- Contencioso. Expediente nº 13723/111

Sentenza nº 255 do 5 de outubro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 185/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta de reposición. RPA, caída na vía pública o 28-9-2016.

Expte(s): 5453/243

Contía: 62.181,27 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio - RPA (e o de Fomento - Vías e Obras) deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 14578/111

Sentenza nº 315 do 23 de setembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7072/2022

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: XGL do 5-6-2020. Prórroga por 5 anos do contrato de concesión do servizo de transporte urbano (formalizado o 8-6-1995)

Expte(s): 3080/449

Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

Esta sentenza, que non é firme, examina e resolve o recurso de apelación da FAVEC demandante no seu dobre contido:

- O pronunciamiento de inadmisión por falta de lexitimación activa da demandante que é revogado polo TSXG (F.D. 2º).

- A cuestión de fondo (a prórroga do contrato) que é confirmada polo Tribunal.

O que leva á estimación parcial do recurso: revógase a sentenza de instancia, admítase o recurso e desestímense as súas pretensións.

O departamento de Transportes, e o de Contratación, deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

PO nº 226/2020 XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 39 do 11/02/2022, inadmisión, comunicada na sesión da XGL do 07/04/2022

16.- Contencioso. Expediente nº 13682/111

Sentenza nº 243 do 28 de setembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Ordinario: 178/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: XGL 10-5-2021. Liquidación contrato XER (XGL 23-5-2007) anulado

Expte(s): 6595/241

Contía: 2.521.170,55 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

Os departamentos de Seguridade, Contratación e Intervención deben coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 14861/111
Sentenza nº 247 do 30 de setembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 185/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 30-5-2022. Sanción tráfico (N.I.C.)
Expte(s): 290102/280
Contía: 900,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción imposta con custas taxadas de oficio.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación deben executar o resolto (con devolución do ingresado de ser o caso).

18.- Contencioso. Expediente nº 14758/111
Decreto nº 30 do 3 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 143/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta. Solicitud de incentivo á xubilación anticipada (art. 33 ARCT de 1998)
Expte(s): 37497/220

Acepta a desistencia do demandante.

19.- Contencioso. Expediente nº 13836/111
Sentenza nº 683 do 28 de setembro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 574/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: desestimación por silencio administrativo das reclamacións formuladas contra o Decreto do Concelleiro de Seguridade e Mobilidade de 06/02/2019, que autoriza ao xefe do Corpo de Bombeiros, para que poida acordar a suspensión dos descansos do persoal adscrito a dito servizo e outras pretensións retributivas.
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non e firme, admite e acepta o recurso do Concello de Vigo contra o Auto do 20-7-2021, con retroaccións das actuacións ao momento inmediatamente posterior ao ditado na sentenza do 5-7-2021, para nova notificación, contra o cal poderán interpoñerse os recursos procedentes.
O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben recoñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

PO nº 327/2020 XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 117 do 05/07/2021 (e Auto do 20/07/2021), comunicados na sesión da XGL do 29/10/2021

20.- Contencioso. Expediente nº 14583/111
Sentenza nº 253 do 5 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 89/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta. RPA, danos no vehículo na Avenida de Madrid
Expte(s): 6521/243
Contía: 1.706,46 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e condena ao Concello ao pagamento de 1.706,46 euros, máis xuros legais dende a data da reclamación administrativa (13-8-2021), con custas taxadas de oficio.



Concello de Vigo

21.- Contencioso. Expediente nº 14773/111
Sentenza nº 252 do 6 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 151/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do TE-A do Concello de Vigo do 28-2-2022, Providencia de constrinximento en relación con dúas sancións de tráfico.

Expte(s): 145232/700, 289896/280, 5430/550

Contía: 400,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula o acto impugnado e as resolucións sancionadoras das que trae causa, con custas taxadas de oficio.

Existiu no caso unha duplicidade de procedementos e sancións con base nunha soa infracción, o que se declarou e acreditou no acto do xuízo.

O departamento de Seguridade, o TE-A do Concello de Vigo e a Tesourería-Recadación municipal deben executar o resolto, con anulación do actuado e devolución do ingresado se fose o caso.

22.- Contencioso. Expediente nº 13822/111
Sentenza nº 734 do 13 de outubro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 589/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de cantidades por horas extraordinarias

Contía: Indeterminada superior a 30.000 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso de apelación promovido polo Concello de Vigo, anula o Auto do 21-7-2021 e retrotrae as actuacións ao momento inmediatamente posterior ao ditado na sentenza 106/2021, para a súa notificación e inicio de prazo para apelar.

O departamento de Persoal, e o de Seguridade, deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

PO nº 193/2020 XC-A nº 1 de Vigo, Sentenza nº 106 do 02/07/2021 (e Auto do 21/07/2021), estimatoria parcial, comunicados na sesión da XGL do 29/10/2021

23.- Contencioso. Expediente nº 14397/111
Sentenza nº 731 do 5 de outubro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 175/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL do 5-8-2021 (en reposición). Retribucións: complementos de festividade e nouturnidade (en I.T., vacacións ...) e cálculo das horas extraordinarias

Expte(s): 38102/220 e 35363/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve o recurso de apelación do actor contra a sentenza de instancia estimándoo, revoga a sentenza apelada e declara o dereito do actor a:

1º) Percibir os "pluses de festividade e nouturnidade" durante os períodos de vacacións, I.T., "días de libre disposición e demais permisos retribuídos".

2º) Percibir as "horas extraordinarias ou de exceso de xornada" segundo a "fórmula contida no feito segundo da demanda".

3º) O aboamento das cantidades correspondentes aos "cinco anos" anteriores á data da solicitude inicial e ata novembro do 2020 "no caso das horas extraordinarias".

O departamento de Persoal debe informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual casación.

Procedemento de orixe:

PA nº 286/2021 XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 303 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 24-2-2022

24.- Contencioso. Expediente nº 14409/111
Sentenza nº 766 do 18 de outubro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 187/2022
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: XGL 5-8-2021. Retribucións: complementos de festividade e nouturnidade e horas extraordinarias
Expte(s): 38102/220
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve o recurso de apelación do actor contra a sentenza de instancia estimándoo, revoga a sentenza apelada e declara o dereito do actor a:

1º) Percibir os "pluses de festividade e nouturnidade" durante os períodos de vacacións, I.T., "días de libre disposición e demais permisos retribuídos".

2º) Percibir as "horas extraordinarias ou de exceso de xornada" segundo a "fórmula contida no feito segundo da demanda".

3º) O aboamento das cantidades correspondentes aos "cinco anos" anteriores á data da solicitude inicial e ata novembro do 2020 "no caso das horas extraordinarias".

O departamento de Persoal debe informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual casación.

Procedemento de orixe.

PA nº 323/2021 XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 302 do 22/12/2021, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 24/02/2022

25.- Contencioso. Expediente nº 14635/111
Sentenza nº 254 do 13 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 112/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta. Solicitude de rectificación de autoliquidación do IIVTNU ("parte de mellora")
Expte(s): 63474/514
Contía: 2.133,73 €

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso por extemporáneo (ao ser posterior á STC 182/2021 e por existir resolución expresa posterior que non esgotaba a vía administrativa).

A Dirección de Ingresos (IIVTNU) e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

26.- Contencioso. Expediente nº 14905/111
Sentenza nº 263 do 19 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 228/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 6-5-2022 (desestimación do recurso extraordinario de revisión). Sanción Tráfico (N.I.C.).
Expte(s): 291391/280 e 165692/700
Contía: 847,88 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, custas taxadas de oficio.

O Departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.



Concello de Vigo

27.- Contencioso. Expediente nº 14762/111
Sentenza nº 257 do 20 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 146/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta de reposición. Liquidacións extraordinarias (13-10-2021) por fraude, augas.
Expte(s): 8959/302 e 20214043/2021
Contía: 5.521,71 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso e confirma o acto de liquidación extraordinaria por fraude na subministración de auga (derivación), con imposición de custas.
O Servizo de Augas-Fomento e a Dirección de Ingresos deben coñecer o resolto.

28.- Contencioso. Expediente nº 14516/111
Sentenza nº 276 do 25 de outubro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 58/2022
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Desestimación presunta de reposición (e expresa do 26-4-2022). RPA, imputación á contratista (conexión á rede de saneamento).
Expte(s): 5807/243
Contía: 15.636,49 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula o acto recorrido.
O Departamento de Patrimonio-RPA, o de Contratación (o de Fomento-Augas e a Dirección das obras do aparcadoiro subterráneo da R. Policarpo Sanz) deben executar o resolto.

B) RESOLUCIÓN DITADAS NA ORDE XURISDICCIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 14828/111
Sentenza nº 4542 do 10 de outubro de 2022
TSX Galicia, Sala do Social
Recurso de suplicación: 4767/2022
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Conflicto colectivo - aplicación do disposto no art. 13 do Convenio Colectivo para o Persoal Laboral e no art. 35 do E.T., valor das horas extraordinarias

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso de suplicación do sindicato demandante, confirmando a sentenza 271/2022 de instancia.
Chamamos a atención sobre o contido do F.D. Quinto.1ª. desta sentenza.
O departamento de Persoal debe recoñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

Procedemento Conflictos Colectivos nº 240/2022 Xulgado do Social nº 2 Vigo, Sentenza nº 271/2022 do 03/06/2022, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 07/07/2022.

2.- Contencioso. Expediente nº 14788/111
Sentenza nº 4509 do 6 de outubro de 2022
TSX Galicia, Sala do Social
Recurso de suplicación: 4158/2022
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Resolución do 27-4-2021. Solicitude de autorización de asemblea o 28-4-2021 na Praza de El-Rei.

Expte(s): 37500/220 e 37694/220

Esta sentenza, que non é firme, resolve o recurso de suplicación do sindicato demandante contra a sentenza de instancia, desestimándoo e confirmando o resolto na instancia.

Salientamos o que no F.D. 5º se advirte, o Concello debe resolver expresa e motivadamente sobre o solicitado (assemblea de traballadores) sen prexuízo do considerado en relación ao dereito de reunión.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

Dereitos Fundamentais nº 309/2021 Xulgado do Social nº 6 de Vigo, Sentenza nº 237 de 12/05/22, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 07/07/2022

e CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Rexe a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como a de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto, segundo o art. 118 da Constitución, así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Rexe o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas, en tempo e forma.

III. O artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns, no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foran ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.



Concello de Vigo

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso para o seu coñecemento e consideración, con expresa indicación da súa obriga e responsabilidade na execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(1006).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO, INSTALACIÓN E XESTIÓN DO CENTRO DE OPERACIÓNS DE SEGURIDADE (SOC) DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9924/113.

Visto o informe de fiscalización de data 25/11/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 25/11/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9.924-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9.924-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto urgente coa finalidade de realizar a contratación do subministro da infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización de centralización de claves e

custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Técnico Responsable de seguridade informática, o Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 18/08/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 22/08/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 22/08/2022 asinado polo técnico responsable de seguridade informática e polo xefe do servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 18/08/2022, asinada polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

- Memoria xustificativa do contrato de data 05/09/2022, asinado polo técnico responsable de seguridade informática e o xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Informe da Técnica de administración xeral do de Servizo de Contratación de data 05/09/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 06/09/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 445.280,00 €, que inclúe un I.V.E. de 77.280,00 €, dende o 1 de Novembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

Exercicio	concepto	partida/Proxecto	base	ive	total
2022	Subministro e instalación dos equipamentos hardware e software, licencias e subscricións necesarias. Integración cos recursos municipais de seguridade xa dispoñibles. Auditoría externa cara certificación ENS nivel medio.	9207.6410011 / 22920711	220.000 €	46.200 €	266.200,00 €

exercicio	concepto	partida	base	Ive.	total
2023	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44.770,00 €



Concello de Vigo

2024	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44.770,00 €
2025	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44.770,00 €
2026	Servicio de asistencia para acompañamento, monitorización e xestión do SOC 24x7	9207.2279900	37.000 €	7.770 €	44.770,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de novembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9924-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U.	96,37
2	IBERMATICA, S.A.	76,90
3	TRC INFORMATICA, S.L.	41,37

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U. (A15474281), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., o día 9 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 18 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis mediante fórmula de data 3 de novembro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S.A.U. (A-15.474.281) o procedemento aberto mixto para a contratación do subministro, instalación e xestión do Centro de Operacións de Seguridade (SOC) do Concello de Vigo (9.924-113) por un prezo total de 434.057,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 75.332,23 euros e coas seguintes condicións:

1. *O prezo do subministro previsto no apartado 3.A do Anexo I -FEC- do PCAP é de 260.365,66 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 45.187,43 euros.*



Concello de Vigo

2. *O prezo do servizo previsto no apartado 3.A do Anexo I -FEC- do PCAP é de 43.422,87 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 7.536,20 euros.*
3. *Incrementa as licenzas de usuarios para as actividades de capacitación e concienciación en ciberseguridade sobre as mínimas esixidas no PPT (100) en 50 licenzas.*
4. *Incrementa as licenzas EDR para dispositivos sobre as mínimas solicitadas (1400) en 500 licenzas.
Incrementa as horas da bolsa anual incluídas no servizo SOC para dar soporte e cubrir a resposta a incidentes de seguridade sobre as mínimas esixidas no PPT (80) en 20 horas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Este proxecto é susceptible de financiarse con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1007).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO NA SÚA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO DE EQUIPOS E MATERIAIS AUXILIARES DE OBRA PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 88268/250.

Visto o informe de fiscalización de data 28/11/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 25/11/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (88.268-250)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (88.268-250)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do SUBMINISTRO NA SÚA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO DE EQUIPOS E MATERIAIS AUXILIARES DE OBRA PARA O TALLER DE VÍAS E OBRAS.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 27 de xullo de 2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexe a contratación, asinado pola Técnica de Administración Xeral en data 12 de agosto de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CINCUENTA E NOVE MIL SEISCENTOS SETENTA EUROS CON NOVENTA E NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (59.670,94 €) , sendo a partida correspondente ao IVE de 10.356,12 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 1532.208 00 00 “Arrendamento medios auxiliares e materiais”.

Ao ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución por anualidades:

2022	4.972,58 €
2023	29.835,47 €
2024	24.862,89 €
Total	59.670,94 €

Quinto.- Abrir o procedemento de adxudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 10 de novembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do



Concello de Vigo

subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (88.268-250) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Porcentaxe de desconto sobre os prezos unitarios
1	BAYGAR, S.L.	10%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L. (B-12.019.659), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

1. *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
2. *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*
3. *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 do PCAP, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
4. *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L. (B-12.019.659), o día 10 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida 18 e 21 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, BAYGAR, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BAYGAR, S.L., de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 10 de novembro de 2022 polo que se ordena a única oferta presentada de conformidade co disposto no apartado 7B do Anexo I -FEC- do PCAP ("*as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte un maior porcentaxe de desconto*").

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a BAYGAR, S.L. (B-12.019.659) o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro na súa modalidade de arrendamento de equipos e materiais auxiliares de obra para o Taller de Vías e Obras (88.268-250) por un prezo total de 59.670,94 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 10.356,12 euros e unha porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios do 10%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1008).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LIBROS PARA OS SERVIZOS DE IGUALDADE, TESOURERÍA, POLICÍA LOCAL E RECURSOS HUMANOS. EXPTE. 6805/241.

Visto o informe de fiscalización de data 28/11/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 25/11/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6.805-241)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Concello de Vigo

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6.805-241)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 29 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto, do subministro de libros e publicacións con destino ao Centro de Documentación e Recursos Feministas (dependente da Concellería de Igualdade), á Tesourería municipal, á Policía Local e á Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación de data 5 de setembro de 2022.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 24 de agosto de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 9.260,00 € euros, que inclúe un IVE (4%) de 356,15 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo o seguinte detalle:

Lote	2022 (de novembro decembro)	2023 (de xaneiro a decembro)	Total (IVE incluído)	Importe IVE	Prezo sen IVE	Aplicación orzamentaria
Lote 1 Igualdade	600,00 €	1.800,00 €	2.400,00 €	92,31 €	2.307,69 €	2311 2200100 “Adquisición de libros e revistas” e bolsa de vinculación
Lote 2 Tesourería	600,00 €	600,00 €	1.200,00 €	46,15 €	1.153,85 €	9340.2200100
Lote 3 Policía Local	520,00 €	1.040,00 €	1.560,00 €	60,00 €	1.500,00 €	1320.2200100 (libros, publicacións e material didáctico)
Lote 4 RRHH e Formación	1.100,00 €	3.000,00 €	4.100,00 €	157,69 €	3.942,31 €	9201.2200100 “Adquisición libros consulta” 9201.2200101 “Adquisición libros consulta, PRL”

Total	2.820,00 €	6.440,00 €	9.260,00 €	356,15 €	8.903,85 €	
-------	------------	------------	------------	----------	------------	--

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de novembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6.805-241) na seguinte orde descendente:

- Lote 1: Libros e publicacións con destino ao Centro de Documentación e Recursos Feministas, servizo dependente da Concellería de Igualdade

Orde	Licitador	Puntuación
1	LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U.	99 puntos
2	JOSÉ LUIS PIÑEIRO VÁZQUEZ	55 puntos

- Lote 2: Libros e publicacións con destino á Tesourería Municipal

Orde	Licitador	Puntuación
1	LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U.	100 puntos

- Lote 3: Libros e publicacións con destino á Policía Local

Orde	Licitador	Puntuación
1	LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U.	100 puntos

- Lote 4: Libros e publicacións con destino á Área de RRHH e Formación

Orde	Licitador	Puntuación
1	LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA, S.L.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos catro lotes, LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (SERVIAULA) (B-42.915.611), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



Concello de Vigo

3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (SERVIAULA), o día 11 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 18 e 24 de novembro, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de novembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

rimeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (SERVIAULA), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (SERVIAULA), de acordo co informe asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades e xefa do Servizo de Igualdade o 31 de outubro de 2022 (lote 1), o informe asinado polo tesoureiro municipal o 7 de novembro de 2022 (lote 2), o informe asinado polo intendente da Policía Local (lote 3) e o informe asinado polo técnico de Administración Xeral e a xefa da Área de RRHH e Formación o 7 de novembro de 2022 (lote 4), todos eles de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a LOGÍSTICA INTEGRAL PARA EL AULA S.L.U. (SERVIAULA) (B-42.915.611) os 4 lotes do procedemento aberto para a contratación da subministración de libros para os Servizos de Igualdade, Tesourería, Policía Local e Recursos Humanos (6.805-241) coas seguintes condicións:

Lote 1 Igualdade

- O prezo máximo do lote é de 2.400,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 92,31 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 15% a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

Lote 2 Tesourería

- O prezo máximo do lote é de 1.200,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 46,15 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 15% a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

Lote 3 Policía Local

- O prezo máximo do lote é de 1.560,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 60,00 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 15% a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.



Concello de Vigo

- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

Lote 4 RRHH e Formación

- O prezo máximo do lote é de 4.100,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 157,69 euros, e cunha porcentaxe de desconto do 15% a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.
- Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- Propón unha redución do prazo de entrega respecto do máximo fixado na cláusula III.b) do PPT (15 días hábiles) de 9 días hábiles.
- Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(1009).- PRÓRROGA DE ESTANCIA NA CESIÓN TEMPORAL DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA NO REXISTRO DE ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS CO NÚMERO E-638-C-6. EXPTE. 11540/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 23/11/2022, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade, a asesora xurídica da Área e a concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

O día 2 de xuño de 2022 o equipo de profesionais do *Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller* emite informe no que se expón a problemática familiar da usuaria identificada con DNI núm. ***4882** onde se reflicte a necesidade de procurarlle un acollemento temporal, a medio prazo, nunha das vivendas que conforman a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

En atención á demanda formulada e á situación descrita no proxecto de intervención emitido polo servizo municipal de atención á muller, a concellería de Igualdade valorou necesario que se aprobase a ocupación provisional da vivenda identificada con número E-638-C-6, co obxecto de que a usuaria identificada con DNI núm. ***4882**, a ocupase por un período de seis meses, transcorridos os cales debería abandonar a vivenda, agás se xustificase a necesidade de prórroga polos servizos municipais de atención á muller. Acordo da Xunta de Goberno Local de data 9 de xuño de 2022.

Desde o día 13 de xuño de 2022 a usuaria permanece acollida temporalmente na vivenda de protección, cumprindo as normas de convivencia e os obxectivos pactados no proxecto de intervención.

O equipo multidisciplinar do CMIDM composto por unha avogada, unha psicóloga e unha traballadora social fai o seu seguimento xunto coa educadora familiar asignada. No informe de seguimento que emite este equipo municipal firmado na data 22 de novembro de 2022 e a teor da situación social da beneficiaria, conclúese a importancia de prorrogar a súa estancia na vivenda de protección municipal, por un período non superior a seis meses, mentres non se acaden os obxectivos previstos no proxecto de intervención.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

“Autorizar unha prórroga na cesión temporal da vivenda municipal identificada no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-638-C-6 por un período máximo de seis meses de duración a contar desde o día 13 de decembro de 2022 atendendo ás circunstancias que obran no expediente 11540/224.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1010).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE FORMACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO ORAL NO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA ORALIDADE DE VIGO (CIOV). EXPTE. 3124/334.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 16/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 20/10/2022, asinado pola técnica de Normalización Lingüística, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos le Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

Primeiro.-A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución da concelleira delegada que inicia o expediente (artigo 116 CSP), con data do 3 de outubro de 2022.

Segundo.-Este contrato non está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2022, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 13 de xaneiro de 2022 e publicado no perfil de contratante.

Terceiro.-Consta no expediente a memoria económica de data 3 de outubro de 2022, que recolle:

- Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
- Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).

Cuarto.-Retención de crédito con data do 7 de outubro de 2022 (operación n.º 202200102866).

Quinto.-Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) con data do 3 de outubro de 2022.

Sexto. -Memoria xustificativa con data do 17 de outubro de 2022, relativa aos seguintes extremos:

- Xustificación da división do contrato en lotes (3 lotes) (artigo 99.3 da LCSP).
- A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta necesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- Xustificación da elección do criterio de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.3g) LCSP.
- Xustificación da fórmula de valoración (artigo 146.2LCSP).

- Lugar de entrega dos bens obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.-A iniciación do expediente de contratación correspóndelle ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2a. 4 da LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.-O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 da LCSP, e incorpora o Prego de cláusulas administrativas particulares e de Prescricións técnicas reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116.4 f), a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia técnica o profesional, económica e financeira (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d), a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a división en lotes (artigo 116.2), as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).

Cuarto.-Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.-A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación (disposición adicional 2a. 4 LCSP).

ACORDO

Con base ao que antecede, propónselle á **Xunta de Goberno local**, órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, **a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.-Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do servizo de formación en materia de



Concello de Vigo

improvisación e narración oral en lingua galega do Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo (CIOV).

Segundo.-Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares asinado pola técnica de Normalización Lingüística e pola concelleira delegada con data do 3 de outubro de 2022.

Terceiro.-Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o contrato redactado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación con data do 18 de outubro de 2022.

Cuarto.-Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de 58.576,10 €; cun importe correspondente ao 21 % de IVE 5.798,10 €. O valor estimado do contrato de 79.167,00 €.

Quinto.-Por ter o financiamento carácter plurianual, establécese a correspondente condición suspensiva de existencia de crédito nos exercicios correspondentes; será cargado á aplicación orzamentaria 3341.227.99.06 (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo) segundo a seguinte distribución de anualidades:

Sen prórroga:

Partida orzamentaria	2023	2024
3341.227.99.06 (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo)	29.288,05 €	29.288,05 €

Con prórroga:

Partida orzamentaria	2023	2024	2025
3341.227.99.06 (Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo)	29.288,05 €	29.288,05 €	29.288,05 €

As diferentes anualidades imputaranse aos exercicios orzamentarios detallados, quedando o gasto subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, segundo o disposto no artigo 117.2 LCSP.

Sexto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(1011).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DO 9º PROGRAMA DE PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS SOBRE A VÍA PÚBLICA. EXPTE. 11018/307.

Visto o informe de fiscalización do 28/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/11/2022, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

Con data 23 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o IX PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, coa finalidade de “contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto da cidadanía e dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos nas súas diversas disciplinas coma o post graffiti, o pop surrealista, o comic...”

A concelleira de Patrimonio Histórico resolveu contratar (exp. 10999-307) ao arquitecto Ignacio Hortas a redacción do proxecto que servirá de base para a contratación do desenvolvemento do IX Programa de medianeiras, no que se estima orzamentariamente o custe do acondicionamento de cada espazo; a valoración económica das actuacións previas á intervención dos artistas; a estimación dos medios auxiliares para as actuacións; cálculo e valoración do material a empregar por cada artista; así como aqueles elementos necesarios para iniciar o proceso licitador encamiñado á contratación das diferentes actuacións para ao pintado dos espazos obxecto do programa.

Os gastos de execución de dito proxecto detraeranse da partida 3340.2279901 PROGRAMA DE ARTE URBANO, MEDIANERAS, do orzamento municipal para o ano 2023, segundo resolución de alcaldía de 22 de novembro de 2022.

Por outra banda, acompáñase ao expediente o informe favorable da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección de Obras de 18/11/2022.

Deste xeito, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- APROBAR O PROXECTO DO 9º PROGRAMA DE PINTADO MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS SOBRE A VÍA PÚBLICA, redactado polo arquitecto Ignacio Hortas López.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1012).- AUTORIZACIÓN DE AMPLIACIÓN DAS XORNADAS DE DISPONIBILIDADE POR EFECTIVOS DA POLICÍA LOCAL 2022. EXPTE. 41061/220..

Visto o informe de fiscalización do 29/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 25/11/2022, asinado pola técnica de Formación e avaliación, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I.- Recíbese na Área de Recursos Humanos e Formación expte 84187-212, asinado polo intendente xefe da Policía Local, co conforme da Concelleira delegada da Area , na que se solicita o incremento en **400** o número xornadas laborais como máximo, para o persoal do servizo da Policía Local e por un importe máximo de **94.609,60 euros**, sin contar unha eventual prolongación das mesmas, as xa autorizadas pola Xunta de Gobierno Local o día 14/12/2021 (expediente 79348/220) co obxectivo principal de poder acometer de xeito eficaz necesidades ordinarias puntuais e os eventos detallados no informe do servizo entre os que se atopan todos os actos relacionados cola celebración do nadal (acendido das luces, mercadillos do nadal, concursos de rondallas, festas fin de ano na praza de America, o que supón unha afluencia de gran número de visitantes que obriga ao establecemento dun dispositivo especial de seguridade e control de tráfico así como o servizo extraordinario de regulación de tráfico nas zonas de maior afluencia de vehículos, como poidan ser as proximidades dos centros comerciais Vialia, Gran Vía, Travesía e Praza América, e de seguridade nas zonas de maior afluencia de público como Príncipe e Calvario), os acontecementos deportivos como a carreira pedestre de San Silvestre, a marcha motociclista papanoelada, a carreira pedestre contra o cancro, a carreira pedestre Fundación Celta, a carreira nocturna de Bembrive, a popular carreira Vigo + 11, a carreira Súbete ao Castro etc, a actividade deportiva do Real Club Celta, os eventos musicais no Auditorio Mar de Vigo, o Teatro Afundación e no Ifevi, visitas de cruceiros

Engádense as obras de humanización da pasarela mecanizada peonil do bulevar da Gran Vía entre as rúas Venezuela e Nicaragua, polo que se require un servizo especial de regulación do tráfico, as campañas de vacinación da cuarta dose do COVID

O incremento das xornadas laborais solicítanse tamén, para poder intentar garantir a presenza do número de funcionarios necesario para dar cobertura a todas as actividades ordinarias que posibilitan a prestación de servizo, cuxa falta de persoal implicaría un importante trastorno para o normal funcionamento do servizo, tendo tamén en conta que estase a sufrir un número muy importante de baixas por enfermidade, tendo con iso unha redución importante do número de efectivos ao que se engade que o mes de decembro e un mes no que parte do persoal disfruta do seu período de vacacións e asuntos propios así como a compensación de exceso de xornada pendente de goce

II.-A Xunta de Gobierno Local, na sesión de data 30/12/2021, acordou a prórroga (Expte 39031-220) do Acordo Marco para o ano 2022 de ampliación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local (expte. 36710-220), aprobado por acordo da Xunta de Gobierno Local de data 22/06/2017, e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias conxunturais nas que poidan ser precisas.

Segundo o Acordo marco para a realización de xornadas de reforzo por parte dos efectivos adscritos ao Corpo da Policía Local de Vigo, aprobado por acordo da Xunta de Gobierno Local de data 22/06/2017, a proposta formulada polo Xefe da Policía Local ten por obxecto o establecemento do marco de referencia que determine o desenvolvemento da ampliación da xornada anual de traballo do persoal da Policía Local.

Deste xeito, aprobase a realización dun número máximo de xornadas anuais (4420) , sendo o seu custo máximo, sen contar coa eventual prolongación de xornada, de 1.042. 639,52 €.

II.- No 1º , 2º e 3º trimestre realizáronse un total de 3405 xornadas, sendo autorizadas para o 4 trimestre 979 xornadas , debéndose realizar a planificación dos eventos previstos de xeito que sexa posible a súa cobertura coas xornadas aprobadas de xeito anual e autorizadas trimestralmente.

III.- Constitúe responsabilidade exclusiva da Xefatura do Corpo a verificación da efectiva realización dos servizos cuxa realización se propón autorizar polos efectivos municipais asignados á unidade correspondente, con indicación expresa das datas e efectivos concretos de realización das mesmas, xunto co seguimento e indicación das tarefas realizadas fora do horario de traballo, nos termos da xornada laboral establecida pola lexislación vixente.

4.-Denominación do posto

A denominación do posto deberá axustarse da forma que mellor e máis sinteticamente exprese o seu contido ou actividade, evitando duplicidades con outros xa existentes que teñan contidos diferentes.

5.- NIVEL- CD- NIVEL COMPLEMENTO DE DESTINO

Reflicte o nivel asignado a cada posto para os efectos da percepción do complemento de destino segundo o establecido no Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime das retribucións dos funcionarios de Administración Local

CORPOS O ESCALAS	NIVEL MÍNIMO	NIVEL MÁXIMO
GRUPO A1	22	30
GRUPO A2	18	26
GRUPO C1	14	22
GRUPO C2	12	18
AGRUPACIÓNS PROFESIONAIS	10	14

6.- CE= COMPLEMENTO ESPECIFICO

Reflicte o importe anual en euros do complemento específico global asignado ao posto

7.- GR= GRUPO

Cada posto adscribese a un grupo ou subgrupos dos grupos ou subgrupos segundo clasificación establecida no artigo 76 e disposición adicional sétima da lei 7/2007, do 12 de abril (A1, A2, C1, C2 ,AP).

8.- TP= TIPO DE POSTO

Os Postos poden ser SINGULARIZADOS (S) cando pola súa denominación e características se diferencian dos restantes e NON SINGULARIZADOS (N). Nos postos eventuais de confianza ou asesoramento especial consignaranse a clave E na columna.

9.- ESCALA

Esta columna informa das escalas de administración xeral (AG) ou especial (AE) ou de habilitación nacional (HN) do persoal funcionario de carreira

10. - SBE= SUBESCALA .

Utilizaranse as seguintes claves en cada columna para reflectir a subescala /Clase

SECRET = Secretario. IT = Interventor. IT = Tesoureiro. T = Subescala Técnica. ADTVA = Subescala Administrativa. AUX = Subescala Auxiliar. SUB = Subescala Subalterna. TS= Subescala Técnica Superior. TM= Subescala Técnica Media TAU=Subescala Técnica Auxiliar. PL = Policía Local. SE = Servizos Especiais. EXT.INC=Servizo Extinción de Incendios. CE = Cometidos Especiais.

11.- FP = FORMA DE PROVISIÓN.

Esta columna informa da forma de provisión dos postos: por concurso ordinario (C), concurso específico (CE), nomeamento polo pleno (NP) ou por libre designación (LD), o cal haberá de reflectirse nas bases da convocatoria que corresponda.

Para iso terase en conta o seguinte:

1. A regra xeral é o concurso ordinario.

2. O concurso específico, de acordo co contido do artigo 91.1 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG), é a forma de provisión das xefaturas de servizo ou postos de nivel equivalente, salvo aqueles que, polos seus especiais características segundo consta na memoria de data sinatura dixital de data 13.04.2022 , deban proveerse polo sistema de libre designación, con convocatoria pública.

3. Son postos de provisión por libre designación con convocatoria pública aqueles postos cuxo contido e funcións responden a criterios de excepcionalidade que motivan a especial responsabilidade ou cualificación profesional dos postos de traballo de nivel 28 ou inferior segundo consta na memoria de data sinatura dixital 13.04.2022.

4. Os criterios de excepcionalidade deste Concello para a provisión de postos de traballo por libre designación son os seguintes

a) Especial responsabilidade por xestionar información especialmente reservada do Concello. A especial responsabilidade fundaméntase en que os responsables deste tipo de información deben extremar a confidencialidade e discreción por encima do esixido a calquera funcionario, pois a súa difusión pode xerar importantes problemas de seguridade para o Concello. Este criterio afecta a:

- Actuacións de protocolo, cerimonial e relacións públicas da Alcaldía.
- Información estratéxica para a toma de decisións de órganos superiores do Goberno Local
- Asesoramento e dependencia directa dun órgano superior.

b) Especial responsabilidade por garantir unha adecuada toma de decisións que supoñen a limitación de dereitos en situacións de alerta sanitaria ou emerxencia. A especial responsabilidade desta atribución deriva de que, como consecuencia dunha situación de alerta sanitaria ou emerxencia que antepón o interese público ao interese privado, o exercicio da responsabilidade no posto de traballo pode levar á toma de decisións e ao establecemento de instrucións de actuación que afecten os dereitos das persoas.

c) Especial responsabilidade por garantir a protección de datos persoais, que se fundamenta na facultade de decisión sobre os sistemas e procedementos garantidos do cumprimento de dereitos amparados pola normativa de protección de datos de carácter persoal, e exercerase ao desempeñar funcións que leven responsabilidade directa sobre os sistemas de protección de datos persoais.

d) Especial responsabilidade relacionada coa axuda á toma de decisións dos órganos políticos en aplicación de criterios e directrices políticas con instrumentos de organización de contido de fondo non regrado(elaboración de instrumentos de organización, planificación e ordenación),

5 - Aqueles órganos directivos da Administración Municipal conforme o artigo 130 da LRBRL

- O/a secretario/a de Goberno Local (Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local e ao Concelleiro Secretario).

- A titular da asesoría xurídica.

- O secretario xeral del Pleno.

- O interventor xeral municipal.

Así mesmo serán obxecto de provisión a súa lexislación específica

- Tesoureiro: (artigo 92 da LRBRL)

- Postos de colaboración; interventor/a adxunto, Viceinterventor/a adxunto/a e Secretario/a de Administración Municipal(artigo 15 do Rd 128/de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional)

- Tribunal económico administrativo: o presidente, vogal e secretario (artigo 137 da LRBRL)

- Superintendente Xefe/a Policía Local artigo 27 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais relativo ao nomeamento do Xefe do Corpo de Policía local)

Convocatoria

Con carácter xeral a convocatoria de provisión dos postos están dirixidas aos funcionarios da propia administración. Non obstante conforme ao establecido no artigo 101.1 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local e artigo 38.5 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia funcionarios doutras Administracións poderán ocupar os postos de Xefatura de área/Xefatura de Servizo/letrado asesor, xefatura de Servizo/xfefatura de departamento/xfefatura de sección/ xefatura de unidade Asesor/a adxunto relacionados poidan abrir a súa provisión a persoal externo do Concello, circunstancia que se materializará, no seu caso, nas respectivas convocatorias de provisión de postos de traballo.

3. Concurso de méritos

Constitúe o sistema normal de provisión, no que se terán unicamente en conta os méritos esixidos na correspondente convocatoria.

Serán obxecto de provisión polo sistema de concurso todos o postos para os cales non se determine de forma expresa a súa provisión polo sistema de libre designación ou concurso específico.

A ditos efectos os concursos de traslados realizaranse antes de cada proceso selectivo libre para que o funcionario/a tome posesión do posto definitivo con anterioridade á incorporación do persoal de nova entrada. “

12.- TITU=TITULACION

Os grupos de titulación da RPT son os que figuran especificamente en dita columna ben mediante a súa consignación específica ou ben mediante os e códigos determinados segundo o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do día 9 de xullo de 2012 (BOP PO 18.09.2012)

1.- Grao ou equivalente.

101.- Grao Rama Ciencias ou equivalente.

- 102.- Grao Rama Ciencias Sociais e xurídicas ou equivalente.
- 103.- Grao Rama Ciencias da saúde ou equivalente
- 104.- Grao Rama Arte e Humanidades ou equivalente
- 105.- Grao Rama enxeñería e arquitectura ou equivalente
- 2.- Título de enxeñeiro técnico, diplomado universitario, arquitecto-técnico, F.P. 3 ou equivalente.
- 3.- Bacharelato superior, F.P II ou equivalente.
- 4.- Graduado, escolar FP1 ou equivalente.
- 5.- Certificado de escolaridade.
- 6.- Grao en dereito, ou equivalente.
- 7.- Grao en ciencias políticas e socioloxía (agás que a Lei o prohiba inclúese a licenciatura en ciencias políticas e da administración) ou equivalente.
- 8.- Grao en ciencias económicas ou empresariais ou equivalente.
- 9.- Grao en física ou equivalente.
- 10.- Grao en filoloxía galega ou equivalente.
- 11.- Grao en documentación ou equivalente.
- 12.- Grao en filosofía e ciencias da educación ou equivalente.
- 13.- Grao en psicoloxía ou equivalente.
- 14.- Grao en matemáticas ou equivalente.
- 15.- Grao en publicidade e relacións públicas ou equivalente.
- 16.- Grao en periodismo ou equivalente.
- 17.- Grao en comunicación audiovisual ou equivalente.
- 18.- Grao en ciencias actuariais ou equivalente.
- 19.- Grao en químicas ou equivalente.
- 20.- Grao en belas artes ou equivalente.
- 21.- Grao en ciencias ambientais ou equivalente.
- 22.- Grao en antropoloxía social e cultural ou equivalente.
- 23.- Grao en pedagogía ou equivalente.
- 24.- Grao en socioloxía ou equivalente.
- 25.- Grao en historia da arte ou equivalente.
- 26.- Grao en psicopedagogía ou equivalente.
- 27.- Grao en farmacia ou equivalente.
- 28.- Grao en bioloxía ou equivalente.
- 29.- Grao en veterinaria ou equivalente.
- 30.- Grao en ciencia e tecnoloxía dos alimentos ou equivalente.
- 31.- Grao en bioquímica ou equivalente.
- 32.- Diplomado en ciencias económicas e empresariais ou equivalente.
- 33.- Primeiro ciclo licenciatura en dereito ou equivalente.
- 34.- Diplomado en relacións laborais ou equivalente.
- 35.- Diplomado en xestión e administración pública ou equivalente.
- 36.- Diplomado en traballo social ou equivalente.
- 37.- Diplomado en ciencias físicas ou equivalente.
- 38.- Diplomado en matemáticas ou equivalente.
- 39.- Diplomado en filoloxía galega ou equivalente.
- 40.- Diplomado en filosofía ou equivalente.
- 41.- Diplomado en enfermería ou equivalente.

- 42.- Diplomado en arquitectura ou equivalente.
 - 43.- Diplomado en arquitectura-técnica ou equivalente.
 - 44.- Enxeñeiro ou equivalente.
 - 45.- Enxeñeiro en xeodesia e cartografía ou equivalente.
 - 46.- Enxeñeiro industrial ou equivalente.
 - 47.- Enxeñeiro de camiños, canais e portos ou equivalente.
 - 48.- Enxeñeiro en electrónica ou equivalente.
 - 49.- Enxeñeiro en telecomunicacións ou equivalente.
 - 50.- Enxeñeiro en organización industrial ou equivalente.
 - 51.- Enxeñeiro montes ou equivalente.
 - 52.- Enxeñeiro químico ou equivalente.
 - 53.- Enxeñeiro técnico ou equivalente.
 - 54.- Enxeñeiro técnico de obras públicas ou equivalente.
 - 55.- Enxeñeiro técnico topográfico ou equivalente.
 - 56.- Enxeñeiro técnico industrial ou equivalente.
 - 57.- Enxeñeiro técnico electrónico ou equivalente.
 - 58.- Enxeñeiro técnico de telecomunicacións ou equivalente.
 - 59.- Diplomado en publicidade e relacións públicas ou equivalente.
 - 60.- Diplomado en periodismo ou equivalente.
 - 61.- Diplomado en comunicación audiovisual ou equivalente.
 - 62.- F.P. II rama delineación.
 - 63.- F.P. I rama delineación.
 - 64.- Diplomado en belas artes ou equivalente.
 - 65.- Diplomado en antropoloxía social e cultural ou equivalente.
 - 66.- Diplomado en pedagogía ou equivalente.
 - 67.- Diplomado en psicopedagogía ou equivalente.
 - 68.- F.P. II rama laboratorio ou análise.
 - 69.- F.P. I rama laboratorio.
 - 70.- Grao en medicina ou equivalente.
 - 71.- F.P. I rama sanitaria.
 - 72.- Técnico en empresas e actividades turísticas ou equivalente.
 - 73.- Enxeñeiro técnico agrícola ou equivalente.
 - 74.- Enxeñeiro técnico forestal ou equivalente.
 - 75.- Arquitecto superior ou equivalente.
 - 76.- Grao en xeografía e historia ou Grao en historia ou equivalente.
 - 77.- FP2, rama electricidade.
 - 78.- Grao en Administración e Dirección de Empresas ou equivalente.
 - 79.- Diplomado/a en Educación Social ou equivalente.
- 13.- FORMACION ESPECÍFICA
Esíxese para determinados postos cando a natureza do posto o requira
- 14.- OBS=OBSERVACIÓNS
Reflictese calquera circunstancia a destacar segundo a natureza do posto
- 15.- DOT= DOTACIÓN

Significa o número de postos de traballo que se agrupan nunha osa liña nos que concorre idéntica denominación, requisitos e características incluídas as retribucións complementarias.



Concello de Vigo

12(1014).- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN DO CONCELLO DE VIGO NO PROYECTO 101076791 (ENHANCING INTEGRATION AND INTEROPERABILITY OF CCAM ECO-SYSTEM) IN2CCAM. EXPTE. 131014/210.

Visto o informe de fiscalización do 21/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 17/11/2022, asinado polo enxeñeiro técnico industrial, o xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e pola concelleira-delegada de Seguridade, que di o seguinte:

PRIMEIRO.-No marco dos proxectos europeos en materia de mobilidade sostible e intelixente nos que ven participando nos últimos anos o Concello de Vigo a través de CINEA (European Climate, Infrastructure and Environment Executive Agency) baixo os poderes delegados pola Comisión Europea, participa cos principais actores europeos involucrados na cadea de valor dos sistemas intelixentes de transporte, incluíndo organismos e entidades tanto públicas como privadas. A Comisión Europea aprobou recentemente o acordo de subvención (Grant agreement) Proyecto 101076791 (Enhancing Integration and Interoperability of CCAM eco-system), denominado "**IN2CCAM**".

Na proposta técnica previa dos interesados que desembocou no citado acordo, o Concello de Vigo manifestou a CINEA o seu interese en participar na acción a someter por dita sociedade á Comisión Europea.

SEGUNDO.- A acción a implementar obxecto da subvención europea consiste en desenvolver a través dun consorcio de entidades públicas e privadas ben balanceadas e durante 36 meses, experiencias técnicas co ánimo de:

- Permitir a recollida e análise de datos e información intercambiados entre as flotas de CCAV (Cooperative Connected Automated Vehicles), Infraestrutura de Tráfico e outros usuarios (conectados ou non)
- Definir, implementar e probar estratexias de xestión do tráfico en vías urbanas que permitan un tránsito fluído, equilibrado, máis seguro e con desempeño máis eficiente da conducción CCA (Cooperativa, Conectada y Automatizada) en convivencia cos outros usuarios.
- Estudar seu impacto, en termos de seguridade e eficiencia, sobre a conducción CCA e sobre a calidade do tráfico en xeral

TERCEIRO.- POLITECNICO DI BARI é o coordinador da acción subvencionada.

CUARTO.- A participación do Concello de Vigo estendese a todo o proxecto (do mes 1 ao 36), e comprende:

- Caso de uso 1: Conciencia mutua entre grupos actores. Recadación de datos proporcionada pola infraestrutura, polos vehículos, peóns e ciclistas para a construción dun mapa virtual preciso, compartido entre tódolos axentes implicados.
- Caso de uso 2: Estratexia de xestión adaptada a CCAM (Connected Cooperative&Automated Mobility) baseada na interacción V2I, que proporcionará unha regulación prioritaria o adaptativa na rede de semáforos, con obxectivo de aumentar a capacidade da rede urbana ao permitir un rendemento mais eficiente da flotas CCAV mediante os servizos propostos.

QUINTO.- A actividade subvencionable dedúcese do documento titulado "presuposto estimado para a actividade" (estimated budget for the action) contido no Grant Agreement aprobado pola CE (achégase detalle).

En cada paquete de traballo (WP) e previa xustificación documental das horas efectivamente empregadas, os respectivos importes serán obxecto da subvención con cargo ao programa.

Así mesmo, con cargo ao programa subvenciónanse tamén os viaxes para atender as reunións dos socios acordadas polo coordinador do programa (POLITECNICO DI BARI) durante a execución do mesmo.

Así o Concello recibirá con cargo ao programa un máximo de 144.312,50€ segundo o seguinte detalle:

Custe persoal: 101.250,00€

Custe reunións do programa: 11.200,00€

Outros traballos: 3.000,00€

Custes indirectos: 28.862,50€

En mérito de canto antecede, o funcionario que subscribe ven en propor a Concelleira delegada de Seguridade que, previo informe da Intervención Xeral, eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Autorizar a participación do Concello de Vigo no acordo de subvención (Grant agreement, en adiante G.A.) nº **101076791** para a implementación da acción HORIZON-CL5-2022-D6-01-04 denominada "**IN2CCAM**" aprobada polo European Climate, Infrastrucutre an Environmet Executive Agency por poderes expresamente delegados da Comisión Europea e no que figura como COORDINADOR e REPRESENTANTE de todos os beneficiarios a POLITECNICO DI BARI

2º.- A participación en IN2CCAM implicará unha subvención máxima ao favor do Concello por importe de 144.312,50€ durante os 36 meses de duración do mesmo.

A efectos de de dar conforme o informe de intervención, oportunamente crearase aplicación orzamentaria específica.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1015).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS "PAVIMENTACIÓN DA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA". EXPTE. 5617/443.

Visto o informe de fiscalización de data 21/11/2022, dáse conta do informe-proposta de data 21/11/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 01.04.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de pavimentación da rúa Conde de Torrecedeira a favor da mercantil Proyfe S.L.

II.- A devandita empresa presentou presentou borrador de proxecto de proxecto de "PAVIMENTACIÓN DA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Javier Pardiñas Lamas, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL DOUSCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS



Concello de Vigo

(673.224,71 €) e firmado dixitalmente en Outubro do 2022.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 5 de xullo de 2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 8 de xullo de 2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As actuacións teñen lugar na Rúa Conde de Torrecedeira, vía de titularidade municipal. Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación:

- Obras complementarias de reposición de lazos detección e canalizacións coas súas respectivas arquetas solicitadas polo departamento de tráfico do Concello de Vigo.
- Reposición de tapas de saneamento e sumidoiros deteriorados así como nova posta a cota das tapas existentes,
- Reparación das pataloxías do firme detectadas, mediante:
 - Fresado do firme completo, cun espesor medio de 6 cms.
 - Reposición do firme da calzada mediante formigón bituminosos tipo AC22 surf 50/70 D na capa de rodada.
 - Tratamento de capas intermedias nos casos que así se requira e delimitado nos planos do proxecto mediante reforzo da base de formigón mediante xeocomposto ou substitución da mesma mediante formigón HF 4.0 no mesmo espesor da existente.
 - Establece a posibilidade de substitución en pequenas zonas da rúa das capas granulares na sub base do firme, mediante ZA 40.
- Reporase a sinalización horizontal afectada polos traballos de reposición do firme de calzada e na rotonda existentes no tramo, tamén se reporán os elementos de balizamento.
- Obras complementarias de reposición de lazos detección e canalizacións solicitadas polo departamento de tráfico do Concello de Vigo.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

V.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 21 de novembro de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de solo urbano consolidado.

Se solicita mediante dilixencia autorizacións das obras á Consellería de Patrimonio segundo informe previo do servizo de patrimonio do Concello de Vigo dadas as características das obras proxectadas e a súa localización no contorno de protección de elementos integrantes do patrimonio cultural de Galicia, concretamente os xacementos arqueolóxicos Picacho/San Francisco e Marques de Valterra/Juan Ramón Jimenez . Co num de expediente 2480/22 autoriza as obras a Consellería de Cultura condicionada a presentación do proxecto arqueolóxico por parte do Concello de Vigo antes dos comenzos das obras e por tanto non obxecto de este proxecto de execución e a obriga de non provocar danos sobre os elementos protexidos

Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos



Concello de Vigo

Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA CONDE DE TORRECEDEIRA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Javier Pardiñas Lamas, cun orzamento base de licitación máis IVE de SEISCENTOS SETENTA E TRES MIL DOUSCENTOS VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E UN CÉNTIMOS (673.224,71 €) e firmado dixitalmente en Outubro do 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1016).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTOS VIAIS MUNICIPAIS EN ZONAS RURAIS DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 5787/443.

Visto o informe de fiscalización do 22/11/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 25.10.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de renovación da capa de rodadura en distintas vías municipais en zona rural das parroquias do Concello de Vigo a favor da mercantil Galaicontrol S.L.

II.- A devandita empresa presentou presentou borrador de proxecto de proxecto de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. Mª Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E CATRO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (1.284.632,12 €), con data novembro de 2022 e asinado dixital en data 9 de novembro de 2022.

III.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, en data 10 de novembro de 2022 informou que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, a proposta do Técnico de Administración Xeral, en data 11 de novembro de 2022 resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

IV.- As obras incluídas no proxecto se encadran dentro dunha serie de actuacións de rehabilitación de firmes en distintas áreas consolidadas do Concello de Vigo, tendo en conta os criterios marcados pola Norma IC-6.3 Rehabilitación de firmes.

A actuación comprende toda a lonxitude dos viais, tanto carrís de circulación como en zonas de aparcamento. O obxectivo primordial é o de aglomerado na sección existente, non modificando trazado, nin aliñacións en ningún momento.

As parroquias onde se van a levar a cabo os traballos son: Castrelos, Beade, Salgueira, Oia, Coruxo, Alcabre, Navia e Saiáns no Oeste e Cabral, Teis, Lavadores, Sampaio, Bembrive, Candeán e San Xoán no Leste.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 7 meses.

V.- A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 21 de novembro de 2022 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

O planeamento vixente, Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993, coas súas modificacións puntuais, así como o Instrumento de Ordenación Provisional (IOP) e a Revisión de Plan Xeral de Ordenación Municipal coa aprobación inicial, que conforman o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, nesta documentación se clasifica urbanísticamente o solo da actuación como: Sistema viario.

Tamén se analizan as posibles afecciones a outros organismos:

- Non se detectaron no ámbito afecciones a: zonas de protección do Patrimonio cultural, nin proximidade a leitos fluviais.

- Con respecto á afección de Espazos Naturais, o ámbito non se encontra dentro de: Red Natura 2000, ni R.Galega Espazos Protexidos, nin en Outros Espazos protexidos, nin Reservas da Biosfera.

Algúns viais se encontran dentro da zona de influencia do Dominio Público Marítimo Terrestre (DPMT), non obstante, polo carácter e ámbito das obras, que se delimitan exclusivamente á plataforma da carretera, no dominio público viario titularidade do Concello, unicamente a nivel superficial, renovando a pavimentación do firme existente, nun viario completamente consolidado NON se fan necesarias



Concello de Vigo

autorizacións derivadas da normativa sectorial aplicable, conforme o artigo 20 Informes sectoriais da Lei 8/2013, de 28 de xuño de carreteras de Galicia.

Do mesmo modo non se dan as circunstancias previstas no Artigo 21. Información pública e informe das administracións afectadas da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de carreteras de Galicia por non tratarse dunha nova carretera nin dunha modificación sustancial da carretera que afecte de maneira significativa o planeamento urbanístico municipal de acordo os supostos previstos en dito artigo.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de obras de “RENOVACIÓN DA CAPA DE RODADURA EN DISTINTAS VÍAS MUNICIPAIS EN ZONA RURAL DAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. M^a Trinidad López Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS OITENTA E CATRO MIL SEISCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON DOCE CÉNTIMOS (1.284.632,12 €), con data novembro de 2022 e asinado dixital en data 9 de novembro de 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1017).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REDUTORES DE VELOCIDADE NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 1364/441.

Visto o informe xurídico do 23/11/2022 e o informe de fiscalización do 25/11/2022, dáse conta do informe-proposta do 22/11/2022, asinado pola técnica de xestión, o técnico de Admón. Xeral, o concelleiro-delegado de Fomento e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Por parte da Concellería de Empresa, Economía e Seguridade remítese en data 31 de maio de 2022, para a súa tramitación, proxecto para a execución de obras de “Redutores de velocidade no termo Municipal do Concello de Vigo”, subscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial Manuel Monroy Castro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DEZANOVE MIL NOVECENTOS OITENTA EUROS con NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (119.980,94 €), de data 30 de maio de 2022.

2.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 2 de xuño de 2022, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

3.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 02.06.2022, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de dataa 16 e 20 de xuño de 2022, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30.06.2022 aprobou o proxecto de obras de “REDUTORES DE VELOCIDADE NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO”, subscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial Manuel Monroy Castro, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DEZANOVE MIL



Concello de Vigo

NOVECIENTOS OITENTA EUROS con NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (119.980,94 €), de data 30 de maio de 2022. (Expte.5579-443).

4.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 30.06.2022 que se corresponde co expediente administrativo 5579-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas suscrito polo Enxeñeiro Técnico Industrial Manuel Monroy Castro
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral, e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Municipal en datas 12 e 13 de setembro de 2022.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 13 de setembro de 2022.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, polo Técnico de Administración Xeral e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de datas 16 e 19 de setembro de 2022.
- E) Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 20 de setembro de 2022.
- F) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos en data 4 de outubro de 2022.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 14 de outubro de 2022.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 18 de outubro de 2022.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de novembro de 2022.
- J) Novo Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 18 de novembro de 2022.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 20.06.2019), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e

financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.1 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto simplificado. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 02.06.2022) e o cumprimento da normativa sectorial

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“REDUCTORES DE VELOCIDADE NO TERMO MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO”**, redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial municipal, Manuel Monroy Castro,

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación con data 18 de novembro de 2022.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO DEZANOVE MIL NOVECENTOS OITENTA EUROS con NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS (119.980,94 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 20.823,14 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1330 2100001 (Recrecido de pasos de peóns en rúas). segundo a distribución de anualidades proposta:

2022	119.980,94 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO NO PROCEDEMENTO ABERTO DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZO DA INFRAESTRUTURA DE ALTA DISPOÑIBILIDADE E FERRAMENTAS PARA AUTOMATIZACIÓN DE CENTRALIZACIÓN DE CLAVES, CUSTODIA DE CERTIFICADOS, SELADO DE TEMPO E VALIDACIÓN DE CERTIFICADOS. Expte. 9864/113.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

16(1018).- INFORME SOBRE O RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN INTERPOSTO NO PROCEDEMENTO ABERTO DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZO DA INFRAESTRUTURA DE ALTA DISPOÑIBILIDADE E FERRAMENTAS PARA AUTOMATIZACIÓN DE CENTRALIZACIÓN DE CLAVES, CUSTODIA DE CERTIFICADOS, SELADO DE TEMPO E VALIDACIÓN DE CERTIFICADOS. Expte. 9864/113.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 30/11/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

INFORME

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública.
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (RD 814/2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto-Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Código Civil, aprobado por Real Decreto de 24 de xullo de 1889 (CC).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto do subministro e servizo de infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de setembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto mixto do subministro e servizo de infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados, de tramitación ordinaria. No mesmo acordo se autoriza o gasto e se acorda abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- En data 20 de setembro de 2022 publicouse o anuncio de licitación no Diario Oficial de Unión Europea e na Plataforma de Contratación del Sector Público, na que se aloxa o perfil de contratante do Concello de Vigo. O prazo de presentación de ofertas comezou ao día seguinte e rematou o 5 de outubro. Durante o mesmo presentaron oferta os seguintes licitadores:

- C CAMERFIRMA, S.A.
- IVNOSYS SOLUCIONES, S.L.U.

Terceiro.- A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 10 de outubro de 2022, procedeu a apertura e cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”, acordando a admisión de todos eles no procedemento. A continuación se realizou a apertura do sobre C “proposición avaliable mediante xuízo de valor”, e acordouse solicitar informe técnico ao servizo xestor.



Concello de Vigo

Cuarto.- Na sesión do 20 de outubro de 2022, a Mesa de Contratación acordou aceptar o informe asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica o 11 de outubro de 2022 de valoración do sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” coa proposta de clasificación, así como, o informe presentado o 18 de outubro de 2022 asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica que corrixe o anterior e no que se da conta de ofertas incursas en presunción de anormalidade. En base a este último informe, a Mesa acordou o inicio do procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con AC CAMERFIRMA, S.A., por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a mesma.

Durante o prazo concedido o licitador presentou a documentación, da que se deu traslado ao servizo xestor.

Quinto.- En data 4 de novembro, a Mesa acepta o informe asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica do 28 de outubro de 2022, sobre a xustificación presentada por AC CAMERFIRMA, S.A., no que conclúe que “a xustificación é suficiente e conforme ao orzamento detallado.” A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe, así como o de valoración do sobre C, da mesma data.

Sexto.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de novembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contratación do subministro e servizo da Infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para a automatización, descentralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados (expediente 9864-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntos totais
1	AC CAMERFIRMA S.A.	80
2	IVNOSYS SOLUCIONES, SLU	78,10

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AC CAMERFIRMA, S.A. (A82743287), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.”

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, AC CAMERFIRMA, S.A., o día 9 de novembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 22 de novembro, dentro do prazo concedido.

Sétimo.- En data 22 de novembro de 2022, Jaime Castelló Rodríguez, en nome e representación de IVNOSYS SOLUCIONES, S.L.U (en adelante, “IVNOSYS”), interpón recurso especial en materia de contratación (nº 210/2022) ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da CCAA de Galicia (en adiante TACGAL) contra a resolución de clasificación deste expediente.

Oitavo.- En data 28 de novembro de 2022 o TACGAL adoptou a medida cautelar de suspensión da contratación.

Noveno.- En data 30 de novembro de 2022 a adxunta ao xefe do Servizo de Administración Electrónica emite informe sobre o presente recurso.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Obxecto deste recurso especial en materia de contratación

É obxecto da presente impugnación a resolución de clasificación do procedemento aberto mixto do subministro e servizo de infraestrutura de alta dispoñibilidade e ferramentas para automatización de centralización de claves, custodia de certificados, selado de tempo e validación de certificados, acordada pola concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de novembro de 2022.

Se ben, o recorrente manifesta recorrer a resolución de clasificación, en realidade as súas alegacións versan sobre a falta de motivación da aceptación da xustificación da oferta anormalmente baixa presentada polo primeiro clasificado, AC CAMERFIRMA, acordada pola Mesa de Contratación o 4 de novembro.

-II-

Lexislación aplicable

É preciso comezar por determinar a lexislación aplicable ao presente contrato. Os contratos se rexen en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do Código Civil). En consecuencia, o presente contrato se rexe polas seguintes disposicións:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), de aplicación no que non se opoña á LCSP.
- Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

-III-

Competencia do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia para a resolución do recurso

A lexislación de contratos (artigos 44 a 60 LCSP) regula un recurso especial en materia de contratación, que substitúe aos recursos administrativos ordinarios para a impugnación de determinados actos adoptados nos procedementos de adxudicación dos tipos de contratos enumerados no artigo 44.1 LCSP. Estes contratos son:



Concello de Vigo

- Contratos de obras cuxo valor estimado sexa superior a tres millóns de euros, e de subministración e servizos que teñan un valor estimado superior a cen mil euros.
- Acordos marco e sistemas dinámicos de adquisición que teñan por obxecto a subscripción dalgún dos contratos tipificados na letra anterior, así como os contratos baseados en calquera deles.
- Concesións de obras ou de servizos cuxo valor estimado supere os tres millóns de euros.
- Contratos administrativos especiais cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu prezo de licitación ou, noutro caso, cando o seu valor estimado sexa superior ao establecido para os contratos de servizos.
- Contratos subvencionados e as encargas cando, polas súas características, non sexa posible fixar o seu importe ou, noutro caso, cando este, tendo en conta a súa duración total máis as prórrogas, sexa igual ou superior ao establecido para os contratos de servizos.

A interposición previa deste recurso é potestativa (artigo 44.7 LCSP), podendo os interesados interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo.

No ámbito das Corporacións Locais, a competencia para resolver os recursos será establecida polas normas das Comunidades Autónomas cando estas teñan atribuída competencia normativa e de execución en materia de réxime local e contratación (artigo 46.4 LCSP), como é o caso da Comunidade autónoma galega, á que pertence este Concello.

Creado o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, por acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 8 de febreiro de 2018, procedeuse ó nomeamento dos seus membros. Este Tribunal, unha vez constituído, adoptou o acordo de establecer como data de comenzo do exercicio das súas funcións, previstas no artigo 35 bis, o 2 de abril de 2018.

-IV-

Exame da concorrencia dos requisitos esixidos pola lei para a admisión do recurso

Os requisitos necesarios para a admisión do recurso se prevén nos artigos 44, 48, 50 e 51 da LCSP. Se ben a tarefa de analizar se concorren os mesmos no presente recurso lle corresponde ao Tribunal, é de interese para o órgano de contratación coñecer esta circunstancia, a efectos de formular alegacións sobre o fondo do mesmo no presente informe en caso de que concorran e, no caso contrario, de solicitar do Tribunal a inadmisión deste.

A) En canto aos **requisitos obxectivos**, son susceptibles deste recurso especial os seguintes actos ditados no curso dos procedementos de contratación citados no fundamento xurídico terceiro deste informe (artigo 44.2 LCSP):

- a) Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
- b) Os actos de trámite adoptados no procedemento de adjudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adjudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso, considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cales se acorde a admisión ou inadmisión de candidatos ou licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as

ofertas que sexan excluídas por resultar anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149.

- c) Os acordos de adxudicación.
- d) As modificacións baseadas no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da presente lei, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- e) A formalización de encargos a medios propios nos casos en que estes non cumpran os requisitos legais.
- f) Os acordos de rescate de concesións.

Así, a impugnación dun acto de trámite adoptado no procedemento de adxudicación, sempre que decida directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos ou intereses lexítimos, entre os cales se atopan os relativos á admisión ou exclusión de ofertas, como no presente caso, é un acto susceptible de recurso especial.

B) En relación cos **requisitos subxectivos**, a lei concede lexitimación activa para interpoñer este recurso (artigo 48 LCSP):

- As persoas físicas e xurídicas cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos, se visen prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto do recurso.
- As organizacións sindicais cando das actuacións ou decisións impugnables se poida deducir fundadamente que estas implican que no proceso de execución do contrato o empresario incumpra as obrigacións sociais ou laborais respecto dos traballadores que participen na realización da prestación. En todo caso, entenderase lexitimada a organización empresarial sectorial representativa dos intereses afectados.

É dicir, en materia de lexitimación activa non se recoñece unha acción pública, senón que é preciso que exista unha determinada relación coa cuestión debatida, unha lexitimación *ad causam*. Para precisar esta cuestión é preciso acudir á xurisprudencia e á doutrina elaborada polos Tribunais Central e Territoriais de recursos contractuais.

Neste caso é indubidable que o recorrente, na súa cualidade de licitador, posúe lexitimación activa.

C) Como **requisitos formais** a lei esixe que o recurso se presente por escrito (artigo 51 LCSP).

O **escrito de interposición do recurso** deberá especificar (artigo 51.1 LCSP):

- O acto do procedemento obxecto do recurso.
- Os medios de proba de que pretenda valerse o recorrente.
- As medidas cautelares cuxa adopción solicite.

Ao escrito de recurso deberá acompañarse a seguinte documentación:

- a) O documento que acredite a representación do comparecente, agás se figurase unido ás actuacións doutro recurso pendente perante o mesmo órgano, nese caso poderá solicitarse que se expida certificación para a súa unión ao procedemento.



Concello de Vigo

- b) O documento ou documentos que acrediten a lexitimación do actor cando a ostente por habela transmitido outro por herdanza ou por calquera outro título.
- c) A copia ou traslado do acto expreso que se recurra, ou indicación do expediente en que se ditase ou do boletín oficial ou perfil de contratante no que se publicou.
- d) O documento ou documentos no que funde o seu dereito.
- e) Un enderezo de correo electrónico «habilitado» ao que enviar, de conformidade coa disposición adicional decimoquinta, as comunicacións e notificacións.

O **escrito de interposición do recurso** deberá presentarse nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así mesmo, poderase presentar no rexistro do órgano de contratación ou no do órgano competente para resolver o recurso. Os escritos presentados en rexistros distintos destes dous últimos deberanse comunicar ao Tribunal de maneira inmediata e da forma máis rápida posible.

Circunstancias todas que concorren no escrito de recurso presentado polo recorrente no Rexistro Xeral do TACGAL.

D) Por último, respecto aos **requisitos temporais**, a lei fixa un prazo de interposición do recurso especial en materia de contratación de quince días hábiles. E a continuación establece as regras de cómputo do mesmo (artigo 50.1 e 2 LCSP):

- Cando se interpoña contra actos de trámite adoptados no procedemento de adjudicación o cómputo se iniciará a partir do día seguinte a aquel no que se tiña coñecemento da posible infracción (artigo 50.1.c).

O recurso foi interposto o 23 de novembro de 2022. A clasificación foi acordada por resolución da concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 8 de novembro de 2022. Esta exclusión lle foi notificada ao licitador ao día seguinte, polo que o recurso foi interposto en prazo.

Podemos concluír, a xuízo da informante, e sen prexuízo do seu ulterior exame polo Tribunal, que procede solicitar deste a admisión do recurso.

-V-

Motivos de impugnación da resolución recorrida

IVNOSYS, impugna a resolución de clasificación do procedemento de contratación en base aos seguintes motivos:

1. Incumprimento dos pregos de prescricións técnicas respecto do sistema de Centralización de claves e custodia de certificados.
2. Incumprimento dos pregos de prescricións técnicas en materia de selado de tempo.
3. Falta de motivación para a aceptación da xustificación da oferta anormalmente baixa: infracción do artigo 149.6 LCSP

Analizaremos cada un deles.

1.- Incumprimento dos pregos de prescricións técnicas respecto do sistema de Centralización de claves e custodia de certificados

Manifesta o licitador que no prego de prescricións técnicas exíxese que “O sistema debe cumprir os seguintes requisitos e características:

a) Centralización de claves e custodia de certificados:

- Ofrecer firma avanzada ou con nivel de seguridade superior (...)
- O sistema de centralización debe cumprir os requisitos e disposicións establecidos no eIDAS UE 910/2014. A este respecto, o provedor do servizo debe estar incluído na relación de prestadores de confianza cualificados publicada polo Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital

(...)

d) Compoñentes físicos

- Dúas unidades HSM enracables, para o almacenamento seguro dos certificados e das súas claves, e que poderán ser compartidas pola centralización e o selado de tempo
- Os HSM deberán cumprir os requisitos necesarios para dispositivos seguros de creación de firma (anexo II do regulamento eIDAS UE 910/2014) e ademais deben dispor de certificación como Dispositivos Cualificados de creación de firma (verificable nas listas oficiais da Unión Europea)

(...)

(cláusula 3.1.1).

Ao fío desta esixencia di que *“Para que un sistema de centralización cumpla con los requisitos y dispositivos establecidos en el Reglamento eIDAS, es preciso que cumpla una serie de requisitos técnicos, entre ellos que el Dispositivo Cualificado de Creación de Firma sea efectivamente “cualificado” lo que supone que asimismo, los módulos de activación de la firma hayan pasado por una auditoria de conformidad eIDAS de acuerdo al artículo 30.3 del Reglamento (...)Por tanto, no es suficiente que el Prestador figure como “Prestador de servicio de confianza cualificado” en la relación de prestadores de confianza cualificados publicada por el Ministerio de Asuntos Económicos y Transformación Digital, sino que tiene que demostrar que el sistema de centralización cumpla los requisitos indicados. Pues de considerarse cumplido ese requisito únicamente porque el Prestador figura en dicha lista, sería incongruente con el objeto del servicio que se contrata (la centralización de claves) y cualquier Prestador cualificado que figurase en dicha lista aunque con otros servicios que los aquí requeridos, podría cumplir el requisito.En este caso, consultada la lista de Prestadores que cumple el requisito de disponer de un sistema de centralización que cumpla con el Reglamento eIDAS, no aparece la entidad AC CAMERFIRMA, SA.. Se puede comprobar con una simple búsqueda en el siguiente enlace:*

https://esignature.ec.europa.eu/efda/notification-tool/#/screen/browse/list/QSCD_SSCD

Ao respecto informa o servizo xestor que *“A documentación requerida para a xustificación do apartado ao que se refire este punto no prego técnico, solicítase na solvencia técnica e profesional (apartado 5.B das FEC). Esa xustificación está determinada polos pregos técnicos que non foron recorridos no seu momento, senón que foron aceptados polos licitadores. Por outra parte, da redacción do recurso despréndese que figurar na lista, indicada na páxina 5 do documento (esignature.ec.europa.eu), pode entenderse como unha consecuencia do cumprimento do Regulamento e non un requisito para o seu cumprimento”.*

2.- Incumplimento dos pregos de prescricións técnicas en materia de selado de tempo

O licitador volve a reproducir aquí os mesmos apartados da cláusula 3.1.1 xa citados para dicir a continuación que *“Una vez más, si los sellos de tiempo deben ser cualificados, es necesario que los HSM respondan a dicha característica y además deben estar bajo custodia del prestador (servicio de hosting). De instalarlos en la infraestructura del órgano de contratación como se propone, los sellos no podrían salir con la referencia de “cualificados” salvo que el propio órgano de contratación se convirtiese en Prestador cualificado. Por tanto, AC CAMERFIRMA, SA estaría incumpliendo el requisito obligatorio del punto 3.1.1. b) “El sellado de tiempo debe ser Cualificado”.*



Concello de Vigo

A esta alegación resposta o servizo xestor que *“Os licitadores aceptaron o cumprimento dos requisitos técnicos do prego no intre en que se presentaron á oferta, e a comprobación do seu cumprimento corresponde ao período de execución do contrato. Por outra parte, nos pregos non se indica un modelo expreso de prestación deste servizo. Queda ao criterio do adxudicatario a forma de cumprimento dese requisito particular”*.

Con relación as dúas primeiras alegacións reproducidas, compe manifestar que non podemos esquecer o feito de que o recorrente é un dos licitadores presentados a esta licitación. É un principio incuestionable na contratación pública, positivizado no artigo 139 da LCSP, que a presentación dunha oferta nunha licitación supón a aceptación incondicionada polo licitador dos pregos que a rexen, que constitúen a denominada *“lex contractus”*. Neste senso, impugnalos cando a licitación non resulta favorable implica ir contra os propios actos. En esta liña, o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales, na Resolución nº 7/2021, ditada no Recurso nº 1207/2020 di que:

“de acuerdo con el principio conforme al cual los pliegos conforman la Ley del contrato y vinculan en sus propios términos a los licitadores que concurren a la licitación aceptando su contenido y también a los órganos de contratación, tal y como señala el artículo 139 de la LCSP, que dispone en su primer apartado que:

“1. Las proposiciones de los interesados deberán ajustarse a los pliegos y documentación que rigen la licitación, y su presentación supone la aceptación incondicionada por el empresario del contenido de la totalidad de sus cláusulas o condiciones, sin salvedad o reserva alguna, así como la autorización a la mesa y al Órgano de Contratación para consultar los datos recogidos en el Registro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público o en las listas oficiales de operadores económicos de un Estado miembro de la Unión Europea”.

El carácter vinculante de los pliegos, una vez han adquirido firmeza, ha sido reiterado por la jurisprudencia y por este Tribunal en su doctrina en numerosas ocasiones y, entre otras, en nuestra Resolución 47/2018, de 19 de enero, en la que hicimos constar que:

“La parte recurrente no impugnó la redacción de las cláusulas del PCAP cuando este fue publicado, dentro del plazo que el TRLCSP confiere para ello, por lo que no cabe ahora pretender, cuando el resultado de la valoración le es desfavorable, revisar las cláusulas que regulan la puntuación que han de recibir las mejoras, salvo que se haya incurrido en nulidad de pleno derecho (...) (fundamento de derecho quinto)”.

Á vista do informado polo servizo xestor e do manifestado acerca da aceptación dos pregos polo licitador cando presenta a súa oferta, a xuízo da informante, procede solicitar do Tribunal a desestimación destas alegacións.

3.- Falta de motivación para a aceptación da xustificación da oferta anormalmente baixa: infracción do artigo 149.6 LCSP

IVNOSYS recorda que a oferta de AC CAMERFIRMA estaba incurso en presunción de anormalidade, polo que se seguiu o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP e se lle requiriu a xustificación da súa oferta. Presentada a xustificación, esta foi aceptada, conforme á proposta da responsable do contrato que informa que *“o licitador argumenta diversas razóns para xustificar o aforro de custes e aporta detalle económico. Analizada a documentación do prezo da oferta presentada por AC CAMERFIRMA, S.A., conclúese que a xustificación é suficiente e conforme ao orzamento detallado”*. A xuízo do recorrente este informe carece da debida motivación, tal e como esixe o artigo 149.6 da LCSP. No entanto, ilo non é razón para propor a exclusión de AC CAMERFIRMA, por falta da xustificación da súa oferta.

Se o recorrente tiña dúbidas da xustificación dos valores anormais da baixa de AC CAMERFIRMA o correcto sería solicitar a consulta do expediente, posto que non esquezamos que é un principio garantido constitucionalmente aos administrados o acceso aos expedientes nos que sexa parte.

Efectivamente, o artigo 105 da Constitución Española reconece aos administrados o acceso aos expedientes administrativos. Na actualidade está regulado nos artigos 13.1 “Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas” e 53 “Dereitos do interesado no procedemento administrativo” da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Este último establece que o interesado nun procedemento administrativo ten dereito:

“1. a) A conocer, en cualquier momento, el estado de la tramitación de los procedimientos en los que tengan la condición de interesados; el sentido del silencio administrativo que corresponda, en caso de que la Administración no dicte ni notifique resolución expresa en plazo; el órgano competente para su instrucción, en su caso, y resolución; y los actos de trámite dictados. Asimismo, también tendrán derecho a acceder y a obtener copia de los documentos contenidos en los citados procedimientos.

Quienes se relacionen con las Administraciones Públicas a través de medios electrónicos, tendrán derecho a consultar la información a la que se refiere el párrafo anterior, en el Punto de Acceso General electrónico de la Administración que funcionará como un portal de acceso. Se entenderá cumplida la obligación de la Administración de facilitar copias de los documentos contenidos en los procedimientos mediante la puesta a disposición de las mismas en el Punto de Acceso General electrónico de la Administración competente o en las sedes electrónicas que correspondan”.

No ámbito da contratación pública, se regula o dereito de acceso ao expediente de contratación con carácter previo a interposición dun recurso especial en materia de contratación, como no caso que nos ocupa. Dispón ao respecto o artigo 52 da LCSP que:

“1. Si el interesado desea examinar el expediente de contratación de forma previa a la interposición del recurso especial, deberá solicitarlo al órgano de contratación, el cual tendrá la obligación de ponerlo de manifiesto sin perjuicio de los límites de confidencialidad establecidos en la Ley.

2. Los interesados podrán hacer la solicitud de acceso al expediente dentro del plazo de interposición del recurso especial, debiendo el órgano de contratación facilitar el acceso en los cinco días hábiles siguientes a la recepción de la solicitud. La presentación de esta solicitud no paralizará en ningún caso el plazo para la interposición del recurso especial”.

Así mesmo, está recollido nos artigos 16 “Acceso ao expediente de contratación” e 29 “Divulgación do expediente e alegacións” do Real decreto 814/2014, do 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de resolucións contractuais e materias organizativas do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Isto é así, porque non esquezamos que un dos principios que rexe a actividade administrativa é a transparencia. Nesta liña, a Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece a obriga dos poderes públicos de subministración de información no marco das súas actuacións.

Finalmente, a nivel comunitario, o artigo 41 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea reconece o dereito á boa administración e ao acceso aos expedientes dos interesados sempre que se respecte a confidencialidade.

Á vista do exposto, se ben o informe do servizo xestor era escueto, o recorrente tivo a posibilidade de solicitar o acceso ao expediente e consultar a xustificación dos valores anormais da oferta de AC CAMERFIRMA. Ademais, como está obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración, so tiña que solicitar o acceso a través do rexistro xeral electrónico do Concello e se lle houberse facilitado un enlace para consultar o expediente dende o seu ordenador sen ter que desprazarse.

Con respecto ao informe do servizo xestor valorando a xustificación dos valores anormais, temos que dicir que, consonte a doutrina administrativa dos tribunais especiais en materia de recursos, o técnico informante goza de discrecionalidade técnica, polo que o control xurídico é limitado e impide revisalo salvo que incorra en error manifesto ou sexa manifestamente inxusta ou arbitraria.



Concello de Vigo

Con respecto a motivación do mesmo, tamén existe unanimidade en esixir unha xustificación detallada en caso de non aceptar os argumentos do licitador para non causarlle indefensión. Máis no caso de aceptar os seus argumentos esta pode ser somera e remitirse ao alegado polo licitador. Nesta liña, e por todas, podemos citar a resolución nº 413/2019 (Recurso nº 254/2019do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales (TACRC):

“En cuanto al examen de la justificación presentada por las empresa cuyas ofertas están incurso en la presunción, hemos dicho en la Resolución citada y en la número 677/2014, de 17 de septiembre, que la apreciación hecha por la entidad contratante del contenido de tales justificaciones en relación con el de las propias ofertas debe considerarse que responde a una valoración de elementos técnicos que en buena medida pueden ser apreciados en función de parámetros o de criterios cuyo control jurídico es limitado. Aun así, es evidente que hay aspectos que, aun siendo difíciles de controlar jurídicamente por venir determinado por la aplicación de conceptos jurídicos indeterminados, pueden y deben ser controlados en esta instancia. Tal es el caso de que en una oferta determinada puedan aparecer síntomas evidentes de desproporción que impidan, sin necesidad de entrar en la apreciación de criterios puramente técnicos, la ejecución de contrato en tales condiciones. Por tanto, cabe añadir aquí, para desvirtuar la valoración realizada por el órgano de contratación en esta materia será preciso que el reclamante ofrezca algún argumento que permita considerar que el juicio del órgano de contratación teniendo por justificadas las explicaciones dadas por el licitador cuya oferta se ha considerado inicialmente como anormal o desproporcionada resulta infundado, o a apreciar que se ha incurrido en ese juicio en un error manifiesto y constatable (Resolución número 786/2014, de 24 de octubre).

También hemos señalado, en nuestras Resoluciones números 786/2014, de 24 de octubre, y 832/2014, de 7 de noviembre, que en cuanto al informe técnico es lo habitual que el informante exprese su propia opinión sobre las alegaciones presentadas por el licitador cuya oferta puede incurrir en anormalidad, haciendo un juicio crítico de la justificación que se le remite. Sin embargo, **cabe igualmente la posibilidad de que el informante esté de acuerdo con estas alegaciones, haciéndolas suyas, lo que le eximiría de la necesidad de añadir mayor fundamentación al informe.**

Así, en aquellos casos en los que el informe técnico no comparta la justificación dada por el licitador para justificar la anormalidad de su oferta, resulta evidente que debe motivarse el informe pues éste tendrá que salir al paso de lo alegado por el interesado desvirtuando su argumentación, exigiendo así una Resolución suficiente y debidamente motivada.

En fin, en nuestra Resolución 1147/2018, de 17 de diciembre, a propósito de la nueva regulación de la LCSP, señalamos que aquella impone las siguientes obligaciones que, mutatis mutandi, son de aplicación también al ámbito de la LCSE: i) el requerimiento de la mesa para la justificación de la oferta debe ser claro sobre los extremos respecto de los que ha de versar la justificación del licitador de su oferta, ii) la justificación debe estar desglosada y detallada, aportando la documentación que sea necesaria, sin que se requiera una concreta acreditación de cada uno de los extremos alegados y, en fin, iii) la justificación debe versar sobre aquellas condiciones de la oferta que determinan el bajo precio o los bajos costes de la misma, siendo el listado de posibles motivaciones contenidos en artículo 149 de la LCSP meramente enunciativo”.

En esta mesma liña, de admisibilidade dunha xustificación somera no informe técnico se se acepta a xustificación dos valores anormais realizada polo licitador, a Resolución nº 1860/2021 do TACRC (Recurso nº 1674/2021) dí que:

*“A la vista de la extensa justificación efectuada por la empresa propuesta como adjudicataria, y del informe técnico que analiza cada una de una de esas justificaciones, no podemos llegar a la conclusión de que el órgano de contratación haya incurrido en un error. Cabría, quizá achacar al informe una sucinta motivación, pero a la vista de la justificación ofrecida y analizándola como hace en su informe, llega a la conclusión de que no existe riesgo para la ejecución del contrato, que es el objetivo de la tramitación del procedimiento contradictorio previsto en el artículo 149 de la LCSP. Además, ha dicho este Tribunal que **cuando el informe emitido por los servicios técnicos acepta la***

justificación de la anormalidad de la oferta presentada por el licitador no se requiere una especial y abundante justificación”

Pode apreciarse claramente que este suposto coincide co que nos ocupa. A xustificación dos valores anormais de AC CAMERFIRMA é detallada e indica os factores que determinan un aforro de custes (Tecnoloxía propia desenvolvida para a expedición de certificados, know-how grazas á experiencia en proxectos similares, descontos do provedor-fabricante de tecnoloxía HSM, os servidores están aloxados no infraestrutura de clientes (CPD) e axuste de horas de dedicación do persoal). E o responsable do contrato ao informar se limita a manifestar que a documentación presentada é suficiente e conforme ao orzamento detallado.

Á vista do argumentado, a informante considera que procede solicitar do Tribunal a desestimación desta alegación.

-VI-

Conclusionés

Recapitulando, en opinión da informante, procede solicitar do Tribunal a admisión do recurso con respecto a resolución de clasificación do procedemento.

Con respecto ao fondo do recurso, por se o Tribunal considera que debe admitirse o mesmo, unha vez analizados, no fundamento xurídico V deste informe, os motivos alegados polo recorrente para a impugnación da resolución de clasificación, procede solicitar do Tribunal, a desestimación das alegacións formuladas polo mesmo no seu escrito de recurso, polas razóns esgrimidas no citado fundamento xurídico.

-VII-

Medidas cautelares

A lei prevé que o recorrente poida solicitar do órgano competente para resolver o recurso a adopción de medidas cautelares. Tales medidas irán dirixidas a corrixir infraccións de procedemento ou impedir que se causen outros prexuízos aos intereses afectados.

Así mesmo, a lei configura no artigo 53 a medida cautelar de suspensión do procedemento, como efecto derivado da interposición do recurso, máis so no caso de que o acto impugnado sexa o de adxudicación do procedemento.

No presente suposto o recorrente solicitou no escrito de recurso a suspensión do procedemento e o TACGAL, en data 28 de novembro de 2022, adoptou esta medida cautelar.

-VIII-

Acordo

En mérito ao exposto, se propon á Xunta de Goberno Local, en calidade de órgano de contratación do Concello de Vigo (disposición adicional segunda da LCSP) e en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Aprobar o presente informe.

2º.-Dar traslado do mesmo ao Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(1019).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez